

Diario dun ser perdido

LEMA: *A inexorable existencia*

1 de xuño

Os ollos abatidos contra o apouvigo da cadeira.

O cuarto baleiro con paredes melancólicas.

E o retrato dunha ninfa co rostro estoico

descansando na aba da aflicción.

Nunha esquina do cuarto

a sombra do ser perdido que me habita.

2 de xuño

Vestiu a noite o seu manto estrelecido
e o meu pensamento cóbrese de sombras
que cada vez me confunden máis,
cada vez fan que me perda no seu labirinto
que comeza e remata no mesmo sitio.
Preciso saber quen son,
atopar un punto de claridade,
unha fenda pola que entre unha folla de luz
debilitando ese poder omnímodo das sombras.

Pensei en escribir,
en ceibar a expresividade do meu desacougo
e acordeime de vós,
os que estades do outro lado da canle comunicativa,
os receptores destas emocións miñas en salvaxe dispersión.

Semella doado:
eu emito a mensaxe e vós acollédela coma un agasallo inmerecido,
un corpo abstracto de signos e conceptos
que codifican e liberan as manifestacións da alma en declive.
Sen embargo, temo non chegar a conmovervos,
hai un muro demasiado alto que nos afasta
e estou tan canso que non son capaz de brincalo.
Necesito esa fisura pola que penetre a esperanza,
para evitar que as palabras sexan a circunstancial grafía
na que esvaece a semántica do meu ser.

4 de xuño

Todos os días semellan iguais,
afogados nesta carencia de ansias
que me derrota en cada segundo,
en cada suspiro.

Penso, falo... ou se cadra é ó revés,
pechado neste cuarto sen portas
nin fiestras polas que entre a pintar a luz.
Sen interlocutor que atenda as miñas reflexións,
cada vez máis absurdas e baleiras.

Aquí dentro, a penas queda nada,
agás un camiño de silencio
con interrogantes moribundas ó pé da fría cama:
soldados abatidos na batalla das mil mentiras
que outros contaron para saciar a súa ignominia.

6 de xuño

Hoxe a soidade acudiu a min,
a martelar o meu pensamento coa súa voz de lata.

Rosmou palabras de traxedia inminente:

¡O tempo vaise, e ti segues aí,
nese espacio ermo de emocións!

Sentencia certa e pesada
como frías chantas de cemiterio.

Esta inquedanza que habita en min,
que me posúe igual ca un mal soño,
baleira o celme da miña fantasía
e non me deixa narrar a paixón que loita dentro
por tomar forma dual de son e grafía.

Máis abofé que esta non é a idade das esencias,
Senón o tempo dos xestos de obscena violencia.

Das imaxes crúas
que incitan a hipocrisía dos homes cruzados de brazos,
agardando respostas no teatro das mentiras que todos contamos.

A soidade, abstracta femia, mantense muda
agás cando me tortura con ese murmurio fondo:

¡O tempo vaise e ti ficas perdido!

7 de xuño

Descubrín que a penas sei escribir poemas de amor,
porque a penas sei amar.

De cando en vez regreso polo sendeiro da infancia,
perseguindo bolboretas como folerpas de neve
nun día de primavera.

O recendo a tristeza das casas orfas
de pés que as camiñen
e mans que as acariñen.

O murmurio reprimido das árbores
na inmensidade esperanzada da chousa.

A face gastada das corredeiras.

E o primeiro recuncho onde te biquei
coa torpeza dun mancebo.

Todo segue debuxado con morbosa nitidez
no cadro insólito da memoria.

7 de xuño

Eu chamo pero non hai contestación.

¡Soidade! ¡Soidade maldita!

¡Responde!

Sei ben que estás aí,

escondida como a malicia,

na penumbra do silencio,

agardando a que me renda definitivamente

sobre o teu chan espiñento.

¡Soidade! ¡Maldita soidade!

Non falas,

estás á espreita como unha fera,

salvaxe e famenta pola xenreira da dor,

que aínda sentes doutro tempo.

Calas as túas mentiras

porque temes a miña fuxida

cara ó norte dos acontecementos.

Aínda así atópome perdido,

debandando polas catro esquinas dun mundo

que endexamais foi o meu.

¡Soidade! ¡Soidade perversa!

Detén a tortura dos soños

que se repiten como lóstregos amnésicos

na pantalla branca dun cuarto baleiro.

A alma, sen pétalos, esvaécese na invernía do pecado...

8 de xuño

...¡Non o consintas, soidade!

Arríncame as follas da memoria,
cheas xa de anacolutos insensibles,
que escriben unha, dúas... mil veces,
a fábula dos namorados que se queren
ver de lonxe.

¡Vou canso, soidade!

Soou o repique da campá do último asalto,
é a hora do ascenso ó ring dos infames.

¡Fuches ti!

¡Non! ¡Culpa túa!

¡Túa! ¡Miña! Do aire que respiramos
e nos queimou as paredes da alma.

¡Soidade! ¡Indiferente soidade!

Xa que careces de resposta,

non dirás que non cho advertín:

cada vez que vés, ¡aborrezo a túa ausencia!

9 de xuño

Quero descansar nun féretro

de brétema e silencio,

e afastarme lonxe de todo.

Lonxe das mentiras que profanaron a miña inquebrantable fe,

lonxe dos cristais escachados na agonía,

lonxe das lembranzas que o futuro vendeu para ser snob.

Para que nunca máis me coñezas,

se me atopas na esquina dunha dúbida.

10 de xuño

Amo a sinfonía dos silencios latentes
no corazón desta fraga, deserta das emocións de antano.
As árbores rosman entre elas de min.
Falan das miñas pretéritas inquedanzas,
do meu rostro lánguido,
encallado nun espírito covarde.
Podo oílas aquí,
á beira desta vella pontella que divide mundos.
O dos ledos que choutan na pel do rego
e o dos tristes, que vagabundean polo perímetro da pedra.
O espello da auga tamén larea coas follas do outono
que nadando van á xuntanza, unhas tras doutras,
no cemiterio dos amantes sen nome.
Disque eu son dos melancólicos,
deses que arrastran as cadeas do silencio
anoando o renque da amargura por un chan de grixo.
Disque son distinto de antes,
cando debuxaba sorrisos no lenzo da braña devecida,
cando brincaba coa ledicia
buscando o recendo inalterable do proxenitor omitido adrede.
Disque non son eu,
senón o fillo do desterro emocional.
Por iso xazo aquí,
deitado neste baixel de augas manseliñas,

á espreita do murmúrio do nordés

a que me traia novas de ti, ¡ninfa das ribeiras solitarias!

A que me fales da natureza inmanente

no interior dos seres coma min.

11 de xuño

Volvo a dirixirme a vós,
anque coido que xa me atopo sumido na abxección
Teño os ollos perdidos, bagoando
pingas de sangue que me esvaran por este rostro,
lánguideo e decrépito, como unha elexía.
Rostro da dor ausente.
Mais nada me doe,
nin sequera a alma.
Está enterrada aló no fondo,
nunha cafurna de ósos e carne podrecidos,
ó abeiro dunha ledicia enganosa.
Os pés camiñan a modo
como enormes pedras que o vento salvaxe quere arrastrar
e non pode.
O tempo esgótase no chisco dunha mirada severa.
Fito para o reloxo, que a ela tanto lle gustaba,
e non se detén no seu inexorable progreso.
Apreixo o ánimo ás agullas, espadas cortando as horas,
pero non paran de avanzar imperturbables.
Pasan altivas por diante dos ollos, do pensamento
pintando o renque dos soños que non se cumpriron.

12 de xuño

Sinto que o que quero escorrégame entre as mans,
como areas dunha praia infinita.

¡Ogallá non houbese máis xoves!

Nin metades da semana.

Nin semana... nin días.

Nin máis tempo que medir.

E que sempre estiveses ti, adolescencia,
aí enfronte, no espello das miñas fantasías.

A faciana triste, chea de expresións,
os beizos aleutos a aboiar no pozo dun sorriso
amacelado tamén como o cadro da túa mirada.

E os dedos a piques de apreixarse na seducción dos corpos
condenados á cadea perpetua do seu afastamento.

Mais as miñas mans teñen un mundo de fendas
polas que sangran a area da praia infinita,
namentres os segundos liscan atados no fío da túa voz
que laia un sentimento: ¡Quérote, anque morra de soidade!

Pero eu non quero que morras de soidade, senón por min,
sobre o colo do meu alento,
como unha nena de pel delicada.

13 de xuño

Todo estaba en calma:

a terra, o espírito, a palabra.

Ata que un estrondo naceu da treboada

e rebentou esa vulnerable calma.

E xurdiu tamén o tormento dentro de min.

Decateime do desleixo parasitando na miña esencia,

da presenza do famento fracaso agochado

coma unha fera salvaxe coas unllas aguzadas.

Sen présa, agardando a que se abra a porta da fatalidade,

para tirarse sobre o meu ánimo indefenso e covarde.

Sei que me abrirá fendas nas carnes con esas unllas de ferro

e das feridas en lugar de sangue brotará auga,

coa que matará a sede dos hipócritas

que lle ordenaron darme morte.

Os meus laios serán vehementes,

suspiros letais gabeando polo pozo da alma

que ninguén escoitará.

Pero eu seguirei laiando ata a extinción do meu hálito.

Desde estea morto retornará a calma:

á terra, ó pensamento, á palabra.

De min só restarán secas lembranzas

que un día arrastrará o furor do vento

como follas outonizas que se irán en vagabunda peregrinaxe

cara ó desterro dos vates descoñecidos.

14 de xuño

Teño medo ó remate das ideas,
a que o meu pensamento se volva indiferente
e deixe de construír emocións.

Teño medo á inercia das mans,
a que reneguen da miña vontade
e se deiten con desidia sobre a folla en branco,
igual ca membros exánimes nun océano de neve.

Teño medo a non sentir poesía,
a non conmoverme coa tristeza dos coitados coma min,
nin coa ledicia deses ignotos gloriosos
que vencen antes da última batalla.

Teño medo á demencia de non saber amar,
a esquecer os bicos das fugaces ninfas
que cada noite me agasallan a súa visita,
acendendo a paixón dos meus tépedos soños.

Teño medo ás súbitas verbas do silencio
que me sobresaltan na escuridade deste cuarto,
no que me agocho para deixar de sentir medo.

15 de xuño

Preciso fuxir.

Abandonar este averno de tolemia e desacougo,
que día tras día me incendia as ansias.

Non aturo máis a crueldade da miña desidia,
pero descoñezo onde se atopa o final do labirinto
que se enreda en min coma unha soga de aforcado.

A penas posúo azos para loitar

nin coa furia das mans

nin coa contundencia sublime da palabra.

En min non existe xenreira nin expresividade,
pouco a pouco o pensamento baleirou a súa substancia
e foi invadido polas hostes desta tanxible apatía,
que me converteu nun ser fatalmente vulgar.

Ante iso necesito unha fuxida ó outro lado da materia
onde amainar a xerfa de vicio que me anegou a alma.

Mais o labirinto non para de afogarme,

tal corda de aforcado.

16 de xuño

Sigo perdido,

neste leito de espiñentas sabas

que me mortifican a pel coma nefandos recordos.

E por máis que fago por afastarme seguen aí,

mesturadas coa suor dos meus desvelos.

O tempo lisca do meu carón, con sutileza

sen concederme unha despedida:

atravesa soberbio o limiar do gris presente

deixando ciscado un ronsel de circunstancias pretéritas,

das que eu xa non formo parte.

Ó meu redor fican pérfidas sombras

que escurecen a concepción de min

e vólvome pau á deriva no mar das existenciais indefinidas.

17 de xuño

É hora da miña éxtase egotista.

Eu son eu.

No medio dos océanos,
sulcando as ondas de leviatán
nunha dorna de nácara.

Son eu.

Na vulva da selva violada,
flutuando no ritmo enigmático
que bafexa a marimba do cafre.

Eu son eu.

Nas ás do nordesío,
cando acoitela as veas do amencer
ó ceibarte da miña pel.

Son eu.

Á beira dun dilatado soño
que nunca comeza.

18 de xuño

Un tálamo de vizosas xestas,
un grolo de Jack Daniel`s
mesturado coa finxida dozura duns beizos de 50 euros
e un conto de lareira
para percorrer o pasado.
Só quero xacer tranquilo
aboiando na xerfa do pecado.

19 de xuño

Abriuse a fiestra da alborada

e ante os meus ollos levantouse o ocaso da beleza.

Unha horta coas verzas murchas, sen luz.

Un pasteiro remoto,

coa pel exsangüe.

E foula, moita foula.

Ó lonxe, no corazón da fraga, as pólas do carballo milenario

esgotaron os folgos do almanaque existencial

e folgan no regazo da senectude.

Polo medio do vilar, como unha silente cóbrega,

esténdese a angosta corredeira preñada de rodeiras áridas

que narran a historia dos meus pasos.

E foula, moita foula.

O asubío antergo do chedeiro polo fondo da braña

montado no lombo serpeante da corredeira.

E detrás o canto do labrego,

dende o pozo da alma,

levantando na foula.

Moita foula.

20 de xuño

Deixemos que soen as campás do abrente
e medre un novo día.

Que o laio do neno no berce
se engaiole nas notas doridas da guitarra.

Que os beixos enerven o exilio
dos amantes que suspiran paixóns inefables.

Deixemos que todo corra ceibe e bravío,
como a auga avolta dun manancial destemido.

Fagamos sorrir a mágoa
nunha noite de estrelas incesantes
e abramos para sempre a caixa dos desexos.

21 de xuño

Antes de que a morte me sorprenda coa súa visita
quería legarvos o segredo do meu epitafio.

Para que saibades que aquí repousan,
neste cemiterio de ánimas impuras,
os derradeiros alentos do poeta.

Aqueles que fixeron entristecer
os ollos cerúleos da Princesa Sibarita.

Aquí moran os paxaros da tenrura
que todas as noites voan por un sendeiro nebuloso
de estrelas casadeiras e brancura virxinal,
ata o seo do Ceo prometido que os beatos anhelan.

Aquí xacen, entre sabas de mentiras acedas,
as mans lánguidas do pensador,
aquelas que riscaron as guedellas áureas de Dafne
nunha fantasía de música e alcol.

Aquí descansa o espírito da morte
neste batel de ondas serenas,
cuberto co felo humilde da hipocrisía.

E o corazón puro do patrucio,
curtido nas batallas fratricidas,
tamén perdura aquí.

E todos eles son EU.

O toxo floreado no edén das Musas.

Un espírito infecundo no ventre de Polimnia.

22 de xuño

Hoxe nada me conmove,
a apatía vestiu o meu corpo célibe,
brutalmente violado no leito das horas.
Lembreime dos sentimentos que perdín,
ou quizais morreron no último suspiro que dei por ela,
á que ameí ata o extremo do afecto absurdo.
E absurda se volveu a miña existencia de tanto crer amala.
Ese amor liscou, coma os acenos do desprezo,
sen despedirse nin pechar a porta,
lastrando un ronsel de indiferenza na súa covarde partida.
Aínda agora cavilo no seu retorno,
desando o ronsel que debuxou ó marchar
E procuro as súas pegadas.
Pero o rastro das pegadas xa non está,
foi borrado pola brisa esquecemento.
Ela non volve, marchou para sempre,
só deixou na miña mente un xogo de imaxes lascivas
que me torturan entre caricias e xemidos
ata alcanzar o rapto da perversión.
Quizais por iso nada me conmove,
nin outros ollos de azul ceo,
nin outras meixelas de pétalo vermello
nin outros beizos de aceda froita.
Si, un escravo do pracer abxecto.

23 de xuño

Quería deixar este poema en branco,
carente de esencia e forma, coma o meu espírito
cando sucumbe abatido despois doutra cruenta derrota.
Sen embargo, os renglóns éñchense de versificada ansia.
Auga que inunda canles estiñas
e molla as entrañas da terra que me constitúe,
reencarnación de po e pedra en combate infinito.
O poema xa non está baleiro nin deforme,
vai collendo o xeito da miña transparente substancia.
Os versos afloran libres,
en salvaxe expresión,
cabalos desbocados polos mapas da alma.
E os meus beizos son incipientes rapsodos
que laian desentoando os sentimentos
no límite dun mar de sombras.
O poema non ten valado
nin principio que defina a súa arquitectura de anacolutos
que sangran os poros do pensamento aquelado.

24 de xuño

Coido que estou a vivir de balde,
que as areas da existencia se me escapan
entre as mans dos interminables días,
e eu permanezo hierático,
con esta absurda mirada perdida en ningures.

Ante a invasión o desalento
non podo cavilar na victoria.

Amósase tan remota,
coma o bico daquela primeira vez, ás agachadas,
nun recanto íntimo que xa non lembro.

E menos á ninfa con ollos de auga,
que agora estará cativada polo lume doutros beizos
máis intenso e perenne có dos meus.

Namentres, eu fico aboiando coma un náufrago
sobre a violencia impía destas ondas,
que me rouban peles de historia nas súas marexadas.

E cada vez son máis un ser de memoria ausente,
cun corpo vestido de carne e fantasía,
sen futuro que imaxinar,
porque todos os imaxinados volvéronse utopía.

Area que desaparece ó escorregar por entre os días
con mans transparentes que non agardan
a que a esperanza chame cos seus cotenos fríos.

25 de xuño

Debo despedirme de vós, vaidosos descifradores da alma,
e solicitarvos clemencia co meu discurso.

Non o firades moito co coitelo da austera retórica,
non matedes a sinxeleza da súa poética

co furor dos vosos técnicos xuízos:

disfrazarían o senso natural da miña mensaxe,
que quere ser un corpo nu con ansia de amar.

Quizais non entendades este desacougo meu
nin licencia vos dou para facelo.

¿Acaso sentides coma min?

¿Ou é que estades dentro de min
e sabedes como eu sinto?

Só quixen expresarme,
conceder a palabra ás emocións,
rir a miña ledicia
e chorar a miña coita.

Con rexeite ás apócrifas louvanzas
que tanto vos agrada outorgar.

Namais pretendín ser eu, en estado transcendente,
baleirando as lousas que ensombrecen o espírito.

Sen rimas nin intricados tropos,
para amosar espidas as carnes da alma,
que vós tedes a ousadía de prostituír nas vosas lecturas.

26 de xuño

A mañá morre lenta

no colo tenro da brisa.

Mentres que a auga orballa os pensamentos

dos que buscan refuxio no pasado.

E o medo apodérase dos seres sen historia.

27 de xuño

Nestas horas,

nas que as palabras terxiversan o seu senso,

nas que se extingue o lume dos abismos

e os pensamentos caen sobre as cinsas

aínda quentes.

Son horas de calma,

de intrigante e perversa calma.